



foto: Carlos Ferreira

**José Luís Peixoto** naceu en Galveias, unha aldea do Alentejo, en 1974. Ten publicado novelas, contos, teatro e poesía. Licenciado en Linguas e Literaturas Modernas (Inglés e Alemán) e dedicado á escrita de xeito profesional, colabora en diversas publicacións portuguesas e estranxeiras e ten participado en múltiples proxectos nos que música e poesía se dan a man.

Precozmente recoñecido, recibiu o *Prémio Jovens Criadores* do Instituto Português da Juventude en 1997, 1998 e 2000. Coa novela *Nenhum Olhar* (2000) recibiu o Premio Literario José Saramago en 2001 e fixo parte da lista do *Financial Times* dos mellores libros publicados en 2007 en Inglaterra. *Morreste-me* (2001)

foi seleccionado pola revista *Visão* como un dos 10 libros da década. *Cemitério de Pianos* (2006) recibiu, en Zaragoza, o Premio Cálamo - Otra Mirada e, no Brasil, foi finalista do Premio Portugal Telecom de Literatura.

A súa obra está representada en decenas de antoloxías e revistas en varios idiomas. O seu poemario *A Criança em Ruínas* (2001), con máis de quince mil exemplares vendidos, foi un fenómeno no medio literario portugués. Co libro *Gaveta de Papéis* (2008) recibiu o Premio de Poesía Daniel Faria.

As súas novelas están traducidas a 18 idiomas, sendo publicadas en castelán pola Editorial El Aleph.

*na hora de pôr a mesa, éramos cinco:  
o meu pai, a minha mãe, as minhas irmãs  
e eu. depois, a minha irmã mais velha  
casou-se. depois, a minha irmã mais nova  
casou-se. depois, o meu pai morreu. hoje,  
na hora de pôr a mesa, somos cinco,  
menos a minha irmã mais velha que está  
na casa dela, menos a minha irmã mais  
nova que está na casa dela, menos o meu  
pai, menos a minha mãe viúva. cada um  
deles é um lugar vazio nesta mesa onde  
como sozinho. mas irão estar sempre aqui.  
na hora de pôr a mesa, seremos sempre cinco.  
enquanto um de nós estiver vivo, seremos  
sempre cinco.*

23 de febreiro de 2010  
Casa da Cultura  
Salvador de Madariaga  
(Rúa Durán Loriga, 10)  
20:30 h  
Entrada libre

# Miguel Anxo Fernán Vello

## Poetas di(n)versos

Gráficas Mera C XXXX-2010

Barro Salgado Santana (Grupo Revisión)



Concello da Coruña  
Concellaría de Cultura



foto: Isabel Pintado

**Miguel Anxo Fernán Vello (Cospeito, 1958)** é poeta, dramaturgo e o maior editor de poesía na Galicia de hoxe. Realizou estudos de Psicoloxía, Filoloxía Hispánica e Música. Foi secretario xeral da Asociación de Escritores e presidente da Asociación Galega de Editores. Como poeta recibiu o Premio Nacional da Crítica en dúas ocasións (1985 e 2005), sendo finalista do Premio Nacional de Literatura en outras tres, cos libros *Seivas de amor e tránsito* (1985), *As certezas do clima* (1997) e *Territorio da desaparición* (2005).

Autor de 14 libros de poesía —o último deles titulado *Diccionario do estremecemento* (2007)— a súa obra foi galardoada, entre outros, cos premios

**Celso Emilio Ferreiro, Esquíu, Xacobeo da Xunta de Galicia, Martín Códax, González Garcés, Federación de Libreiros (Mellor Autor 2005) e AELG (Mellor Autor 2005).**

Con varios libros traducidos ao francés, español, catalán, italiano e alemán, a súa obra poética figura en diversas antoloxías en 15 idiomas e está presente na antoloxía universal “De tots els vents” (2004). Participante en festivais internacionais de poesía celebrados en Europa e América, foi membro do xurado do I Premio Internacional de Poesía Victor Valera Mora (Caracas, 2006).

#### RILKE

*A sede de beleza  
é un pensamento que se eleva  
e a soidade entra no corpo  
como unha chama fría.  
Vivir, ás veces, é un alimento triste,  
a mandíbula azul que doe na noite,  
o brillo do metal que golpea nos ollos,  
o pálpito do verso  
e o seu abismo cego.*

*Cada día que pasa xa nunca máis regreso  
ao amor,  
a outros corpos,  
a esa lenta dozura dos días  
cando o sangue habitaba o desexo.*

*Somos esta nudez que ten acedas sombras  
e xeme como un animal no abandono.  
Vivir, ás veces, é a penuria que se sente na pel,  
e un fío de dor atándonos o alento.*

*A sede de beleza é a miña nostalxia  
e o seu eco terríbel,  
brillante labirinto  
da nada.*

*O tempo vai labrando o perfil meu,  
que talvez resucite  
na aurora.*

23 de febreiro de 2010  
Casa da Cultura  
Salvador de Madariaga  
(Rúa Durán Loriga, 10)  
20:30 h  
Entrada libre

## José Luís Peixoto

### Poetas di(n)versos



Concello da Coruña  
Concellaría de Cultura